



ANEXO 1

Á ATENCIÓN DOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais, nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo desexa informar do protocolo que se seguirá en canto ao **control de faltas de asistencia do alumnado menor** e información de ausencias do profesorado.

1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO

Unha vez iniciadas as actividades lectivas, o profesorado do centro procederá a cargar semanalmente as faltas de asistencia do alumnado menor de idade na **aplicación informática CentrosNet** á que se accede **dende a páxina web da EOI de Vigo** www.eoidevigo.org.

2. AUSENCIAS DO PROFESORADO

A Escola Oficial de Idiomas non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado cando o seu profesor/a non pode impartir a súa clase.

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición **na páxina web da EOI de Vigo** www.eoidevigo.org, **no menú superior “Ausencias do profesorado”**. Neste caso o pai, nai ou titor deberá comprometerse a non enviar ao menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a. No caso de ausencia imprevista do profesorado, o pai, nai ou titor/a comprométese ou ben a recoller o seu fillo no centro ou ben a autorizalo a regresar só á súa casa. A Escola Oficial de Idiomas de Vigo facilitará o uso dun teléfono ao menor en caso de necesidade.



IMPRESO PARA PAIS / NAIS / TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

ANEXO 2

PROTOCOLO DE CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO MENOR

D./Dna: _____, DNI: _____,
teléfono fixo/móbil _____, e-mail: _____
domicilio: _____ CP: _____ localidade: _____
 pai / nai / titor/a do/a alumno/a _____,
matriculado/a no curso _____ do idioma _____
os días: Lu – Ma – Me – Xo – Ve, no horario _____,

DECLARO coñecer o protocolo de control de asistencia do alumnado menor a través da páxina web da escola por medio da aplicación CentrosNet e comprométome a responsabilizarme do seguimento da asistencia do meu fillo/a ás actividades lectivas da EOI de Vigo.

En canto ás ausencias do profesorado, comprométome a consultar a información na páxina web da Escola Oficial de Idiomas de Vigo e a non enviar o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista, autorizo o meu fillo / a miña filla a abandonar o centro e a regresar ao seu domicilio ou comprométome a recollelo na EOI de Vigo.

_____, _____ de _____ de 20__

Asinado:

*Este documento debe ir acompañado de **fotocopia do D.N.I. do pai, nai ou titor** do alumnado menor.

SR/A. DIRECTOR/A DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO